



19 de outubro de 2018
CINBIO: Centro de
Investigacións Biomédicas

Universidade de Vigo

XORNADA: *Un día no Cinbio*

19 de outubro de 2018
Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO)
Edificio Doutora Olimpia Valencia
Campus universitario
36310 Vigo

Cinbio

O Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) da Universidade de Vigo é un centro de investigacións de referencia no ámbito biomédico. Estase a consolidar como un polo de desenvolvemento biosanitario para mellorar a saúde da cidadanía e con impacto no desenrollo económico de Galicia.

Liderado por unha muller, a Catedrática África González Fernández, conta cun nutrido grupo de investigadoras/es de diferentes áreas, ademais de contar cunha elevada presencia de profesionais mulleres do ámbito das áreas STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas polas súas siglas en inglés). Actualmente no CINBIO desenvolven a súa actividade investigadora un total de 225 profesionais, dos que máis da metade son mulleres (54%).

Adicionalmente, entre o persoal de apoio ós servicios e unidades do centro:

- 1 Doutora especialista en Citometría
- 1 Técnica de Laboratorio xeral
- 1 Técnica de Anatomía Patolóxica para a Unidade de Histoloxía/Microscopía
- 2 Xestores (xestor e xestora)

Como persoal de apoio o CINBIO conta con:

- PAS interino no Servizo de Bioexperimentación: 1 Veterinaria e 2 técnicas de animalario
- 1 Técnica Superior de Apoio (PTA) para SPR. Co-financiado por Ministerio de Economía e Competitividade

A elevada presencia de profesionais mulleres no CINBIO, fainos considerar a celebración dunha xornada participativa, para a transmisión de valores igualitarios entre o alumnado, xa en idades temprás, ademais de fomentar a normalización e visualización do papel da muller na ciencia.

Programa

10.00 h Recepión e Benvida

Benvida ao CINBIO por parte da Directora do Centro, Dª África González Fernández.

10.20 h Entrega de material

División do grupo de asistentes en cinco equipos de cinco nenas/os, e entrega de batas de laboratorio para o desenvolvemento das actividades programadas.

10.30 h Histoloxía e microscopía

Realización de actividades de histoloxía e microscopía da man da Técnica de Microscopía do Cinbio Ainhoa Rodríguez Tébar.

11.00 h Inmunoloxía

Charla sobre o sistema inmunitario e a resposta das vacinas a cargo das investigadoras do Grupo de Inmunoloxía IN1.

11.30 h Nutrición

Disertación e taller sobre nutrición saudable por parte do Dr. Federico Mallo Ferrer, Catedrático da Universidade de Vigo e Investigador Principal do Grupo de Investigación de Endocrinoloxía. A charla estará acompañada pola elaboración dun almorzo saudable.

12.30 h Citometría

Participación das Doutoras Sonia Prado do grupo de Biomedical genomics e Mercedes Peleteiro, Responsable do Servizo de Citometría do CINBIO, para o achegamento ás investigacións realizadas coa metodoloxía da “célula única”.

13.00 h Química coloidal

Experimento para a fabricación de nanopartículas de ouro e explicación da súa aplicabilidade.

13.30 h Agradecemento e despedida